



SECRETARÍA INTERVENCIÓN. INFORME DE FISCALIZACIÓN CONTRATOS Nº

03/2024

**OBXECTO DO EXPEDIENTE:** Informe proposta de aprobación do expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas de data 19.02.2024 e de Prescricións Técnicas de data 23.02.2024 que rexerán a contratación **DA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS, DETECTADAS POR ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO, NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE ADMINISTRATIVA E DOS DEZ PARQUES DE BOMBEIROS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ASÍ COMO O SUBMINISTRO DE MATERIAIS NECESARIOS.**

**Expediente núm.:** 2024/C004/000005

**Ano de inicio:** 2024

**Fase do gasto:** Aprobación do gasto. A. (expediente anticipado de gasto).

**Financiamento:** 100% Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña

**Aplicación orzamentaria:** 01 920 21300, 02 136 21300,03 136 21300,04 136 21300, 05 136 21300, 06 136 21300,07 136 21300,08 136 21300,09 136 21300,10 136 21300.

**Tipo de licitación:** importe máximo Base: 61.121,65 € + 12.835,55 € de 21% de IVA .

**Tipo de procedemento:** aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO.**

Conforme ao artigos 214 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, o RD 424/2017, de 2 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local, e con carácter supletorio a Resolución de 25 de xullo de 2018 da Intervención Xeral da Administración do Estado, procede a fiscalizarse os seguintes extremos:

A.	Ref. Lex.	Requisitos básicos xerais	Cumpre?
A.1	Art 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172 e 176 RDLex. 2/2004	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón.	Cumpre.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 RDLeg. 2/2004	Ao tratarse de gastos con financiamento afectado, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fidedignos	Non é o caso.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 RDLex. 2/2004 Art. 79 e seg. RD 500/1990	Ao tratarse de gastos de carácter plurianual, que se cumpre o preceptuado no artigo 174 do RDLex. 2/2004	Non é o caso.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 RDLex. 2/2004 Art. 117.2 e DA 3ª L9/2017	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento	Non é caso.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 RDLex. 2/2004 Art. 117.2 L9/2017	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.	Non é o caso.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 RDLex. 2/2004 DA2ª L 9/2017	Que o gasto se xera por órgano competente	O órgano competente é o Presidente por non superar o gasto o 10 por cento dos recursos correntes do orzamento en vigor nin os seis millóns de euros, nin os catro anos, cando a suma das anualidades non superen os importes nin as porcentaxes



			anteriores, en aplicación da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector público; e do artigo 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio.
A.7	DA3ª L 9/2017 Art. 7.3 LOEOSF	Ao tratarse dunha licitación que ten repercusións sobre o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que se incorpora ao expediente de contratación o informe en relación ás repercusións do contrato para licitar nos citados principios	<p>O xerente asina con data 26.06.2023 o seguinte informe: <b>Informe de valoración do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (Artigo 7.3 L.O. 2/2012).CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS, DETECTADAS POR ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO, NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE ADMINISTRATIVA E DOS DEZ PARQUES DE BOMBEIROS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ASÍ COMO O SUBMINISTRO DE MATERIAIS NECESARIOS.</b></p> <p><b>ASUNTO:</b> &lt;&lt;(…)A prestación de dito contrato correspondese coa obriga da Administración de levar a cabo a reparación das deficiencias detectadas na inspección regulamentaria das instalacións eléctricas da sede administrativa e dos dez parques de bombeiros do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Para atender esta obriga, existe consignación orzamentaria, ao igual que no resto de anualidades, destinada ao mantemento, reparación e conservación entre outros das instalacións dos inmobles existentes; polo que, non esixe dunha dotación específica a maiores do xa previsto.</li><li>• A prestación deste contrato, polo antes mencionado, non implica carga financeira algunha.</li></ul> <p>A tenor do sinalado e a xuízo desta xerencia, a execución e desenvolvemento deste compromiso ineludible para esta administración- non afecta a sustentabilidade financeira nin a estabilidade orzamentaria•.(…)&gt;&gt;</p>



B.	Ref. Lex.	Requisitos básicos adicionais	Cumpre?
B.1	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 67 RD 1098/2001	Que existe PCAP ou, no seu caso, documento descritivo.	Cumpre. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Xerencia con data 19.02.2024
B.2	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) DA3a.8 L 9/2017	Que existe informe da Secretaría - informe xurídico.	Cumpre. Informe xurídico Secretaría Intervención 23.02.2024.
B.3	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 124 L 9/2017	Que existe Prego de prescricións técnicas do contrato.	Cumpre. Prego de prescricións técnicas asinado Xerencia, con data 23.02.2024.
B.4	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 122.7 L 9/2017	Ao tratarse dun modelo de PCAP, que o contrato para subscribir é de natureza análoga ao que informou a Secretaría xeral.	Non é o caso.
B.5	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 145.5.a) y 145.6 L 9/2017	Que o PCAP ou o documento descritivo establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato.	Cumpre. Cláusula 13 e Anexo nº 2.
B.6	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 145, 146 y 148 L 9/2017	Que o PCAP establece, para a determinación da mellor oferta, criterios vinculados ao obxecto do contrato; que cando se utilice un único criterio, este estea relacionado cos custes, de acordo co artigo 146.1 LCSP (podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, como o custe do ciclo de vida calculado de acordo co indicado no art. 148) se o único criterio a considerar é o prezo, verificarase que este sexa o do prezo máis baixo; e nos casos en que figuren unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establezan con amaño a criterios económicos e cualitativos.	Non é o caso.
B.7	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 145 y 146 L 9/2017	Ao preverse no PCAP unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados na mellor relación calidade-prezo, que se establecen de acordo con criterios económicos e cualitativos.	Cumpre.
B.8	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 131.2, 167 y 172.3 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente onde se utiliza o diálogo competitivo como procedemento de adxudicación, que na selección da mellor oferta tómase en consideración máis dun criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.	Non é o caso.
B.9	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 149.2 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente que prevé a utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio diferente do prezo, que o PCAP ou o documento descritivo establece os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente baixas.	Cumpre.



B.10	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 157.2 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente onde se utilizan criterios que dependen dun xuízo de valor, que o PCAP ou o documento descritivo prevé que a documentación relativa aos devanditos criterios preséntese en sobre ou arquivo electrónico independentemente do resto da proposición.	No é o caso
B.11	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 201 y 202 L 9/2017	Que o PCAP ou o documento descritivo establece polo menos una das condicións especiais de execución que se enumeran no artigo 202.2 da L 9/2017 e a obrigação do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores de acordo co Convenio Colectivo sectorial de aplicación de acordo co artigo 201 da L 9/2017.	Cumpre. Cláusula 22 e 25.
B.12	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 159.1 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente onde se utiliza o procedemento aberto simplificado como procedemento de adxudicación, que se cumpren as condicións previstas no artigo 159.1 da L 9/2017.	Non é o caso.
B.13	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 159 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente onde se utiliza o procedemento aberto simplificado tramitado segundo o previsto no artigo 159.6 da L 9/2017, que non se supera o valor estimado fixado no apartado mencionado e que entre os criterios de adxudicación non hai ningún que sexa avaliable mediante xuízos de valor.	Non é o caso.
B.14	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 131.2, 166.3, 167 y 168 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente onde se utiliza o procedemento con negociación como procedemento de adxudicación, que se cumpre algún dos supostos previstos nos artigos 167 ou 168 da L 9/2017 para este tipo de procedementos.	Non é o caso.
B.15	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 29 L 9/2017	Que a duración do contrato prevista no PCAP ou no documento descritivo axústase ao que prevé a normativa contractual vixente.	Cumpre. Cláusula 3 e epígrafe 4 do Anexo nº1: <b>"3.1.DURACIÓN</b> La duración del contrato será de 3 meses desde el día siguiente a la formalización del contrato en documento administrativo. ."
B.16	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 131.2, 167 y 173 L 9/2017	Ao tratarse dun expediente onde se utiliza o diálogo competitivo como procedemento de adxudicación, que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 167 da L 9/2017.	Non é o caso.
B.17	Art. 13.2.c) RD 424/2017	Ao tratarse dun expediente onde se	



	ACM2018 3.1.1.A) Art. 131.2, 167 y 173 L 9/2017	utiliza o diálogo competitivo como procedemento de adxudicación e recoñécense primas ou compensacións aos participantes, que no documento descriptivo fíxase a contía das mesmas e que consta a correspondente retención de crédito.	Non é o caso.
B.18	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 204 L 9/2017	Ao preverse modificacións no PCAP nos termos do artigo 204 da L 9/2017, que estas non superan o 20% do prezo inicial e que a modificación non supón o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.	Non é o caso. Cláusula 29.
B.19	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2018 3.1.1.A) Art. 143.3 L 9/2017	Ao preverse a utilización da poxa electrónica no PCAP, que os criterios de adxudicación baséanse en modificacións referentes ao prezo unicamente, ou referentes ao prezo e a requisitos cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.	Non é o caso.

<b>C.</b>	<b>Ref. Lex.</b>	<b>Outros requisitos adicionais</b>	<b>Cumpre?</b>
C.1	Art. 13.2 RD 424/2017 Art. 172/175 ROF	Que figura no expediente informe proposta do xestor en relación ao acordo ou resolución que se propón adoptar, no que se manifeste a adecuación desta á normativa aplicable	Consta informe proposta asinado pola Xerencia con data 23.02.2024, que eleva á Presidencia.

## CONCLUSIÓN

O expediente reúne os requisitos mínimos esixidos pola fiscalización previa, polo que se informa de xeito favorable. Carballo, na data da sinatura dixital.

A secretaria interventora,  
María Graciela Riveiro Moreira.